

BLOG DE AULA

Debemos crear un blog colectivo de aula, por exemplo en blogger, www.blogger.com. Cada mes teremos en cada grupo un periodista deportivo e un fotógrafo. Acordamos con eles cómo e cándoo recollerán información sobre as actividades e exercizos realizados na aula. O fotógrafo terá que realizar un póster en <http://edu.glogster.com/> relacionado coa crónica que realizará o periodista deportivo. O periodista introducirá a crónica no blog e ambos traballaron en parella para dar por finalizada a entrada no blog. Poderán en tempos acordados ensinarlle ao grupo aula o que levan feito para recibir e utilizar o feedback dos/das seus/súas compañeiros/as.

Teremos que ter na aula virtual a disposición do alumnado uns sinxelos tutoriais para que aprendan a traballar en glogster e para facerse coa dinámica de introducir entradas nun blog. Debemos insistirles sempre en que todo o creado debe levar unha licenza creative commons.

Atoparedes no espazo actividade e exercizos para o mestre un pdf onde se explica como crear unha conta en blogger e como administrar o sitio.